

# Como son as paisaxes de costa?

Chamamos **costa** á parte da terra que está preto do mar. A costa pode ser baixa ou alta.

- A **costa baixa** é chá e nela hai **praias** de area ou de pedras.
- A **costa alta** está elevada sobre o mar e nela hai **acantilados** de rocha.

Na costa viven e veranean moitas persoas; por iso as súas paisaxes están **moi transformadas**.



## As formas da paisaxe de costa

A paisaxe de costa ten formas moi diferentes.



Unha **illa** é unha porción de terra rodeada de auga por todas as partes. Un grupo de illas forma un **arquipélago**.



Unha **península** é unha porción de terra rodeada de auga por todas as partes agás por unha.



Un **cabo** é unha porción grande de terra que entra no mar.



Un **golfo** é unha entrada do mar na terra. Se é pequena, chámase **baía**.

- 1 Escribe as seguintes palabras onde corresponda.


acantilado

praia

cabo

baía

illa



- 2 Colorea a paisaxe anterior. Utiliza o vermello para os elementos construídos polas persoas, e outras cores para os elementos naturais.

- 3 **TEMPO PARA FALAR.** Onde construíades un faro, nunha praia ou nun acantilado? Explicade por que.



#### Coñezo as miñas emocións

- Que sentes cando ves esta paisaxe? Cántallelo aos teus compañeiros e compañeiras.



As paisaxes de costa son diversas e adoitan estar moi transformadas. Hai entrantes da terra no mar e entrantes do mar na terra.